

AUNISMO

SOCANARRO

d' interesses rexionais e literatura

Redacción e Adiministración, Palacio, 10, baixo.

A correspondéncia dirixila ó Director. Non se devolven orixinais.

ANO II

LUGO 8 DE MARZO DE 1890

NÚM. 23

SUMARIO

Sando "pol. Redacción." — "Documento curioso", por Antonio López Forreiro. — "Espías", por Esperanza Roca. — "Viva o Rexionalismo" (décima), por Cesáreo López Pinal. — "A picardía d'un Esquibano", por A. Xaquín M. Saavedra. — "Loital", por Ildefonso López Saavedra. — "Os carambeos d'o Goberno", por Suso. — "A cincia d'un loro", por P. das F. — De todo un ponco. — Cantares, por A. M. — Adiministración. — Anuncios.

SANUEDO

Mañán, domingo, a prensa de Santiagoousequeará ó eluste Brañas c-unha comida, fin d'a que seguramente pernuncearánse patreótecos brindis.

A MONTEIRA, qui estará probabemente representada por un notabil esquirtor e poeta gallego, ó ficer seu o antusiasmo d'os compañeiros santiagueses, a porveita esta nov' acasión pra saudar o sábeo autor d'o preceoso libro *El Regionalismo*. En esprito estaremos ó lado d'os nosos hirmaus e com' eles faremos votos pol-o trunfo d'os nosos ideáis, a uneón de todolos rexionalistas gallegos y a filicida d'a nos' adourada terraña.

¡Viva Galicia! ¡Viva o Rexionalismo!

A REDAUCIÓN

DOCUMENTO CUREOSO (1)

(Conclusión)

Fallamos que non enbargante os dereytos por húa parte e por la outra considerados de Rígór queyran outra cousa, procedendo ex bono ex quo atento os traballos custas e expensas do dito García Rodrígues e proueyto què delo acrecia aos señores do Cabildo e mesa, capitular, que deuemos mandar e mandamos que dos mill franquos que rrecabdou que eran deuidos de tempos pasados, quando el foy ala, que de e pague ao dito Cabildo en saluo enteyramente sen diminución desconto algun d'espensas nem outros gastos a terga parte que son trezentos e triinta e tres franquos e terço de huum franquo. Item mandamos que os outros trezentos e viinte franquos que recebedo en prestados sobre los anos viindeyros de que non avia de aver parte, que os de todos e pague rrealiter e con efecto aos ditos señores do Cabildo e mesa capitular sen diminucion algua, a meádate deles de todo o susodito doje ata douis anos compridos primeiros seguintes, e a outra meádate a outros douis anos compridos despoxos seguintes. Et porque el Cabildo começou a lle dar fauor para cobrar o que lle tomaron, rrogamos aos señores do Cabildo que continuando seu boo propósito lle deu todo favor e ajuda que boa e honestamente poderen para cobrar o seu. E por

(1) Veranse os números 19 e 20, que corresponden ó 8 e 15 de Febreiro respectivamente.

nosa sentença así o julgamos e sentenciamos en estes escriptos e mandamos aas partes que a teñan e cumplan so as penas do dito compromiso=Fernandus bachallarius—Velascus bachallarius.

A qual dita sentenza dada e liida poi los ditos homes bos non presentes as partes segun dito he, os ditos bachilleres homes boos diseron que así a dauan e deron outra as ditas partes segun e ena maneira que en ela se continua, a as quaes mandauan e mandaron que a tenesen cunprisen e gardasen en todo e por todo só as pena e penas contiñidas e no dito compromiso. Esto foy e pasou todo asy como dito he, presentes a elo por testigos Martin Lopes cardeal ena dita iglesia, e Francisco Rodrigues de Toledo licenciado e naestrescola da dita iglesia e afonso mareis clérigo de santa María de Couso e Juan Pelo porteyro do dito cabildo e outros, Valla onde vay e cripto entre Rengloos que deyge e declararea.

Eu Aluaro de Casteenda, notario publico jurado de Santiago por la iglesia de Santiago a esto que dito he em huun con os difos testigos presente fuy e fis escripui e aquí meu nome e signo puje que tal he en testimonyo de verdade con mia firma acustumada en fin de cada plana, que son seys planas de prego ente yro con esta en que vay n eu signo.

ANTONIO LOPEZ FERREIRO

Santiago, Febreiro de 1890.

ESPINAS

Cantan librel-as aves
N-as carballeiras,
Cantan libres sin ánseas,
Cantan sin penas;
Tan soillo eu teno
A y-alma traspasada
Con un coitelo.

As bagullas son fillas
D'o sentimento
Que sempre d'almas nobres
Brcta n-o peito;
¡Ai! quen non chore,
Quen bagullas non verta
Fera é mais qu' home.

N-este mundo de tollos
Naide m'entende
Todos de nin se burlan,
Todos m'ofenden;
Por qu'eu en seréo,
Tomei o qu'outros moitos
Por pizatempo.

Son n-este mundo triste
Pra moitos tola,
Pra moi poucos tan soillo
Paso por córda;
Y-éstes, a xente,
Siñalándos c'o dedo
Chama dementes.

Unha espina n-o peito
Teño crabada,
E valor nunca tiven
Par arrincala;
Pois c'o ela vivo,
E sarrinco... de cote
Sei me suicido.

ESPERANZA ROCA

I VIVA O REXIONALISMO

(DÉCIMA.)

¡Non tremas!, nobre rexión,
non tremas!, pátreia gallega,
o ter que facer entrega
á outros d'o teu brasón.
Podes, sí, botar un bon...
atirruxo de legría,
pois reinarás á porfía
nientras haixa pereodistas
e doutos rexionalistas
como Brañas e Murguía!

c. LOPEZ PINAL.

Santiago, Marzo de 1890.

A PICARDIA D' UN ESQUIRBANO

Non fai moitos dias que recibín unha carta d'un apreceabre suscriptor, amigo meu, n-a que memandaba un bon número de cantares gallegos pra coleció que d'eles estou formando, conta qu'abofellas ll'agradecin (1), e n'upha P. D. diciam o que sigue:

«Meu bon amigo: si vosté quer darmo gusto, fag' o favor de publicar contos com'o d' *O zorro y o gallo y A primeira consulta*, lénd' os que rimos ben á carón d'o lume n'a casa d'o señor Abade, fai tres noite.»

Desexando pagar o meu amigo d'algunha

(1) Como ll' o agradecerei á cantos m'os queiran mandar, pr' o que non teñen mais qu' esquribilos com'os óian, metel-ós n'un sobr'e dirixilos ó Director d' *A MONTEIRA*.